



Prego de requisitos para o servizo de correo de PuntoGal

Xullo 2021



1. ENTIDADE SOLICITANTE

ASOCIACIÓN PUNTOGAL
Rúa Tabernas 11,
15001 A Coruña
CIF: G70065107

2. OBXECTO

O obxecto deste documento é a petición de propostas para a creación e mantemento dun servizo de correo web para PuntoGal, segundo as especificacións que figuran a continuación.

3. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS

O prazo de presentación das propostas será ata o 10 de setembro de 2021. As propostas enviaranse en galego e en formato pdf a: luis.antelo@dominio.gal.

4. ESPECIFICACIÓNS DA PROPOSTA

As propostas deberán incluír:

- Especificacións técnicas.
- Especificacións de deseño e usabilidade.
- Cronograma do desenvolvemento e prazo de posta en marcha.
- Proposta de acordo comercial ou de colaboración
- Proposta de melloras sobre estas especificacións baseado na comparativa coas webs similares (ni.eus, elteu.cat).

As propostas deben incluír a entrega de **manuais de uso en galego**

5. PRAZO MÁXIMO DE EXECUCIÓN

O prazo comezará a contar a partir da sinatura do acordo. O desenvolvemento do proxecto terá unha duración máxima de 6 meses a contar dende ese momento.

6. RESUMO DO SERVIZO

PuntoGal quere poñer en marcha un servizo de correo web para os seus usuarios. O servizo terá dúas modalidades:

- De balde: O usuario poderá elixir entre dous dominios predeterminados e elixir o seu nome de usuario. Terá unha capacidade de entre 1 e 3 gigas.
- Premium: Neste caso, o usuario elixe o dominio (.gal) e o nome de usuario. Neste primeiro paso se executa a compra do dominio (a través do provedor do servizo) e a alta de correo.



Este primeiro usuario administra o dominio e pode despois crear outros buzóns e mesmo outros servizos sobre o mesmo. O espazo de correo e de 10 Gigas para lle dar valor ao produto.

7. REQUERIMENTOS XERAIS

- **A tecnoloxía**

A tecnoloxía deberá ser de fonte aberta, como Rainloop, Horde, Roundcube, etc

A instalación pode ser en hosting local ou e solucións máis elásticas como S3.

Valorarase a posibilidade de personalizar apps para IOS e Android.

A solución que se adopte debe permitir acceso encriptado, POP, IMAP

A solución debe permitir acceso desde gmail (non só redirección ou acceso POP)

- **O deseño**

PuntoGal fornecerá o deseño e a imaxe de marca que debe figuran no correo electrónico.

Igualmente, encargarse da tradución dos textos precisos para que toda a interface estea en galego. A marca da empresa colaboradora figurará ao lado de PuntoGal.

Ademais o deseño debe ser responsive compatible con móbiles e tablets

Achegarase unha proposta de mensaxes en galego (sinaturas, fóra da oficina, etc)

Na landing e na comunicación figurará a identidade de PuntoGal e da empresa, cun lema estilo "Un produto PuntoGal desenvolvido por XXXX" ou similar.

- **Diferenciación entre as modalidades**

	De balde	Premium
Dominio ¹	Predeterminado	A elixir
Espazo de almacenamento ²	3 gigas	10 gigas
Interface	Galego	Galego
Permanencia ³	Non máis de 3 meses desde o último acceso	Durante a vixencia do dominio e o pago de anualidades
Pago ⁴	Non	Anual
Apps para IOS e android ⁵	Si	Si
Soporte ⁶	FAQ	Telefónico 24x7, correo
SSL	Si	Si
Administrar dominio	Non	Si

1.- O dominio se mercará directamente no momento de alta do servizo, de xeito integrado co resto do produto, e será xestionado pola primeira usuaria que merque o correo do mesmo. A transferencia da administración a outro correo debe ser sinxela e rápida.



- 2.- O espazo de almacenamento debe manter a diferenza entre as dúas modalidades, dando clara vantaxe á solución de pago. As medidas indicadas poden variar para facilitar a integración deste produto con outros existentes no catálogo do provedor.
- 3.- A solución de balde debe ter un uso real e continuado para a manter. En caso de que pase un tempo razoable (3 ou 6 meses) sen acceso de ningún tipo, se porá en marcha un proceso de avisos para dar de baixa esa caixa de correo.
- 4.- O pago será sempre xestionado pola empresa adjudicataria. En caso de que os produtos podan ser obxecto de promoción ou rebaixa, se consensuará con PuntoGal para comunicalo conxuntamente.
- 5.- Non necesariamente na fase de lanzamento, e sempre mantendo a interface en galego.
- 6.- No caso do correo de pago, debe integrarse a atención telefónica en galego no servizo.

8. REQUERIMENTOS COMERCIAIS

- O servizo, tanto o premium coma o básico, se porán en marcha desde unha landing única, deseñada por PuntoGal e cun dominio que se determinará.
- Todo o interfaz web do servizo estará aloxado baixo un dominio .gal, sexa o do correo de balde ou o do dominio mercado polo usuario, do estilo “correo.xan.gal”.
- Os clientes o serán do adjudicatario, que asume a responsabilidade da custodia dos seus datos, xestión de pagos e atención ao cliente (integralmente en galego)
- O adjudicatario funcionará como rexistrador (ou revendedor) de PuntoGal para os dominios dos correos premium
- PuntoGal promocionará os dominios dos correos premium para o primeiro ano de uso, como mínimo, para poder acordar un prezo final atractivo. Se poderán acordar promocións conxuntas.
- A empresa poderá subcontratar partes do servizo (hosting, call center, etc), pero debe facelo constar no prego, indicando a empresa subcontratante, que debe ser autorizada por PuntoGal
- A empresa pode ofertar servizos complementarios (hosting, servizos de web, tenda online, etc) aos usuarios, que son os seus clientes de feito. En caso de propoñer un produto que inclúa o correo PuntoGal, debe consensuarse con PuntoGal.
- PuntoGal e a empresa consensuarán campañas de comunicación e publicidade conxuntas para incentivar a venda de correos e dominios.



9. MANTEMENTO E EVOLUCIÓN DO SERVIZO

- O adxudicatario se compromete a manter o servizo actualizado tanto tecnicamente (aplicando os parches e instalando as novas versións da solución elixida) como legalmente, implementando os cambios necesarios para se manter dentro das leis aplicables.
- O adxudicatario comprométese a manter o servizo en funcionamento durante cinco anos.
- O servizo pode evolucionar mellorando ou cambiando o produto, ou engadindo outros (web sinxela, newsletters, páxina de links para RRSS, etc), pero todos os cambios deben consensuarse con PuntoGal.

10. RESOLUCIÓN OU CESIÓN DO SERVIZO

- En caso de cese do servizo por parte da empresa, debe haber un preaviso a PuntoGal de seis meses como mínimo.
- A Empresa prestará todo o servizo técnico que sexa preciso para efectuar a transición a un novo fornecedor sen interrupción do servizo para os usuarios.
- Calquera evolución, migración ou cambio no servizo que implique a entrada de novos fornecedores da totalidade ou unha parte do servizo debe ser autorizada de xeito expreso por PuntoGal.
- O servizo non pode ser subrogado a outro adxudicatario sen autorización expresa de PuntoGal.

11. NORMAS APLICABLES AO CONCURSO

- Os ofertantes poderán remitir preguntas exclusivamente ao enderezo: luis.antelo@dominio.gal
- Unha vez recibidas as ofertas Puntogal fará unha short list e contactará cos finalistas.
- PuntoGal e a empresa asinarán un acordo para a posta en marcha deste servizo. Este prego non é vinculante, o concurso podería quedar deserto ou adiarse se as circunstancias así o requiren.